



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 31 DE MARZO DE 2025.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día trinta e un de marzo de dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnense en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 17 DE MARZO DE 2025.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 17 de marzo de 2025.

2.- SUBVENCIÓN FONDO ADICIONAL AL FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL 2025.- Dase conta da Orde do 5 de marzo de 2025, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2025.

Tendo en conta o obxecto da convocatoria e as necesidades do municipio, os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan aprobar o proxecto denominado “Mellora da eficiencia enerxética no pavillón municipal de Beade”, cun orzamento de 54.159,42 €, así como demais requisitos establecidos na Orde resinada.

3.- SUBVENCIÓN EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACOES E LOCAIS ADICADOS A ACTIVIDADES CULTURAIS 2025.- Dase conta da Orde do 24 de febreiro de 2025, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de subvencións para equipamento e mellora das instalación e locais utilizados para actividades culturais para o ano 2025.

Tendo en conta o obxecto da convocatoria e as necesidades do municipio, os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan aprobar o proxecto denominado “Rehabilitación de centro de uso cultural en Beade”, cun orzamento de 36.439,79 €, así como demais requisitos establecidos na Orde resinada.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e vinte minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. Fernando Taboada Guntín.

O SECRETARIO,
Asdo. Pablo Fernández Loureiro